

Carvalho Calero:

de puño e letra



Concello da Coruña
Concellaría de Cultura



as.pg

Ricardo Carvalho Calero naceu o 30 de outubro de 1910.

Licenciado en Dereito e en Letras; figura prestixiada do movemento estudantil, foi presidente da Federación Universitaria Escolar (FUE) e membro do **Seminario de Estudos Galegos**.

Membro fundador do Partido Galeguista elaborou, xunto con Lois Tobío, o Anteproxecto de Estatuto de Autonomía para Galiza, de concepción federalista.

A guerra civil (1936-39) sorprendeu en Madrid. Incorporado ao exército republicano no fin da guerra foi detido, xulgado e condenado "por adhesión á rebelión" a doce anos e un día de reclusión. Retorna a **Ferrol** en 1941 onde permanece até 1950, impedido de exercer e dedicado ao ensino de maneira precaria.

En 1950 trasládase a Lugo como Director do Colexio Fingoy onde permanece até 1965 en que se incorpora como profesor á **Universidade de Compostela**. Foi o primeiro catedrático de Lingüística e Literatura Galega e o seu labor desde o posto de ensínante universitario abranxe múltiples facetas, desde o contacto persoal até a investigación máis seria; da edición de libros á dirección de teses.

O seu traballo docente terminou en 1980. Morre en Santiago o 25 de marzo de **1990**.

Esta exposición ten como obxectivo conmemorar o 1º centenario do seu nacemento e faino mostrando ao público actual unha parte da obra de quen foi o principal estudoso da nosa lingua e da nosa literatura e, sen dúbida, unha das figuras máis relevantes da Galiza do século XX. Organízase tomando como referencia palabras e textos do propio Carvalho, escritos **de puño e letra**.